

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DESTINADAS AO APOIO ECONÓMICO ÁS FAMILIAS NUMEROSAS DO CONCELLO DE AMES. EXERCICIO 2018

1.-OBXECTO.

A finalidade desta convocatoria é proporcionar apoio económico a aquelas familias cualificadas como numerosas pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou organismos análogos doutras Comunidades Autónomas

A través da presente convocatoria, a Concellaría delegada de Servizos Sociais propónse a consecución dos seguintes obxectivos:

1.1. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS, OU DE PRIMEIRO NIVEL.

- a) **COMPOÑENTE SOCIAL.** Preténdese chegar a aquelas familias numerosas que presentan unha maior necesidade de apoio, acreditada mediante a renda per cápita familiar.
- b) **FIXACIÓN DE POBOACIÓN.-** Esta política de trato favorable a un grupo tan sensible coma este reviste un especial interese para un Concello como o de Ames, na medida en que favorece o incremento de poboación, actuando ademais sobre o segmento de idade máis atractivo para posibilitar o crecemento demográfico do noso municipio sexa sostido no tempo.

1.2.- OBXECTIVOS INSTRUMENTAIS, OU DE SEGUNDO NIVEL.

Para a consecución dos obxectivos estratéxicos, establécense as seguintes liñas de actuación:

- a) A base nº 5 establece límites de renda aos beneficiarios/as/as, que ademais serán priorizados en base a este criterio en caso de que o crédito dispoñible non sexa suficiente para atender todas as solicitudes presentadas.
- b) Esixir aos beneficiarios/as/as unha antigüidade mínima no censo de habitantes.

2.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

2.1 GASTOS SUBVENCIONABLES.

De acordo co previsto no artigo 30.7 da LXS, estas subvencións que se concedan en atención á concorrencia dunha determinada situación no receptor, que pola súa natureza presume a necesidade de incurrir en gastos de carácter extraordinario, polo que non teñen como obxectivo o financiamento dun gasto concreto, cuxa realización requira da previa individualización do mesmo, sen prexuízo dos controis que o Concello poida establecer para verificar a existencia das circunstancias que motivan a concesión da axuda.

2.2.- MOMENTO DE REALIZACIÓN DOS GASTOS FINANCIADOS.

As condicións indicadas nestas bases deberán reunirse polo solicitante ao longo do exercicio 2017.

3.-ORZAMENTO.

A contía máxima destinada a esta convocatoria ascende a 120.000 €. imputables á aplicación orzamentaria 2311 489.02.

4.- CONTÍA DAS ACHEGAS.

O importe individual das achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria será de 1.200,00 € por unidade de convivencia.

5- PERSOAS DESTINATARIAS.

Poderán optar a estas subvencións as unidades de convivencia que teñan fixada a súa residencia habitual no Concello de Ames, cun mínimo dun ano de antigüidade ininterrompido á data de formulación da solicitude, sempre que acrediten o cumprimento dos requisitos indicados nesta base. A antigüidade esixirase a todas aquelas persoas que figuren no título de familia numerosa

Entenderase por unidade de convivencia o conxunto de persoas que convivan no mesmo marco físico e se atopen vinculadas co solicitante por matrimonio ou calquera outra forma de relación estable análoga á conxugal, por nacemento adopción ou acollemento.

Serán requisitos necesarios para a concesión da axuda regulada nestas bases:

Requisitos referidos á unidade familiar.

- a) Estar en posesión do título de familia numerosa en vigor no momento da solicitude. Os/as fillos/as que dean lugar a expedición do título de familia numerosa deberán ter nacido con anterioridade ou dentro do ano 2017.
- b) Todos os fillos/filas incluídos no título de familia numerosa deberán formar parte da unidade de convivencia salvo que por razóns de estudo deban residir noutro domicilio.
- c) Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, a persoa beneficiaria da prestación será o pai/nai que teña a custodia dos fillos/as, de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza de separación, divorcio ou modificación de medidas. Os fillas/as deben formar parte da mesma unidade de convivencia que o proxenitor que teña a custodia, xustificándoo mediante o certificado de convivencia.
- d) No caso de que un dos proxenitores se atope traballando fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, e non figure empadroado neste municipio, deberá acreditarlo con copia do correspondente contrato de traballo e certificado de empadramento do lugar de residencia.
- e) No caso de que un mesmo menor dea lugar á expedición de dous títulos de familia numerosa, só se concederá esta axuda ao proxenitor que ostente a custodia deste menor ou menores.
- f) No caso de familias monoparentais só se requirirá que figure empadroado cun ano de antigüidade o pai ou a nai que teña a custodia dos fillos/as. Entenderase a estes efectos por familia monoparental aquela na que un dos proxenitores convive cos seus fillas/as menores ou dependentes sendo ademais o responsable único dos mesmos.
- g) No caso dos menores que teñan titor, requirirase que figure empadroado no padrón municipal o titor/-es do menor.
- h) En ningún caso poderán ser beneficiarios/as os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos/as, ou se a tutela fora asumida por unha institución pública.

Requisitos referidos á renda.

- a) As unidades de convivencia deberán ter unha renda inferior ós seguintes límites máximos de renda:

Nº MEMBROS	3	4	5	6	7	8	+8
LÍMITE RENDA	14.108,01 €	16.734,20 €	18.990,57 €	21.168,97€	23.227,84€	25.274,65 €	1.803,73 € adicionais por membro

O importe abonado en concepto de alugueiro ou hipoteca pola residencia habitual deducirase dos

ingresos netos da unidade familiar, cando esta sexa a única vivenda titularidade dos membros da unidade de convivencia. O límite máximo de dedución por este concepto ascende a 6.000 €/anuais

A concesión destas axudas será como límite global o crédito da convocatoria indicado na base 3, priorizando a situación económica da unidade familiar no caso de que este límite non alcanzase a cubrir todas as solicitudes presentadas.

Outros requisitos.

A totalidade de integrantes da unidade de convivencia deberán estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (AEAT e Concello de Ames), así como coa Seguridade Social. Ningún deles poderá incurrir nos supostos aos que se refire o artigo 13.2 da LXS. Ningún dos integrantes da unidade de convivencia poderá ter pendente de xustificación ningunha achega concedida polo Concello, a non ser que lles fora concedida unha prórroga.

6.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

6.1.- LUGAR DE PRESENTACIÓN.

As solicitudes deberán presentarse no rexistro xeral do Concello de Ames, de xeito presencial ou a través da sede electrónica, ou en calquera outros rexistros públicos aos que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

6.2.- PRAZO DE PRESENTACIÓN.

O prazo para presentar as solicitudes será dun mes desde a publicación destas bases no BOP. En caso de rematar nun día inhábil, este prazo entenderase estendido ate o inmediato hábil seguinte.

6.3.- DOCUMENTACIÓN INTEGRANTE DAS SOLICITUDES.

As solicitudes deberán achegarse nos modelos normalizados que figuran como anexos ás presentes bases:

ANEXO 1	<u>Solicitud de subvención.</u> A solicitude deberá achegarse no modelo normalizado que figura como anexo ás presentes bases (Anexo 1), subscrito en representación da unidade familiar por calquera dos proxenitores ou titor/es, que teñan atribuídas as funcións relativas ó exercicio da patria potestade dos menores ou membros da familia que figuren no título de familia numerosa.
ANEXO 2	<u>Autorización tributaria para a cuantificación da capacidade económica da unidade familiar</u> (Anexo 2) Subsidiariamente, o interesado poderá aportar copia compulsada da última autoliquidación do IRPF presentada (correspondente ao exercicio 2017), de cada un dos membros maiores de 18 anos que formen parte da unidade de convivencia. No caso de que por parte dalgún membro da unidade non existira obriga de presentar a declaración do IRPF, o interesado deberá aportar o certificado de retencións expedidos pola empresa ou nóminas así como dos certificados de percepcións de pensións ou prestacións (referidas ao exercicio 2017), ou subsidiariamente, declaración xurada de ingresos percibidos nese ano, sen prexuízo de achegarse, neste caso, certificación da AEAT sobre os datos fiscais daqueles. No caso das vítimas de violencia de xénero (feito que se acreditará mediante a presentación da sentenza ou orde de afastamento correspondente) eximirase da presentación da autorización ou declaración do IRPF do agresor. A documentación aportada deberá ser orixinal, ou copia compulsada.
ANEXO 3	<u>Declaración responsable</u> (Anexo 3) Asinada por todos os membros maiores de 18 anos que formen parte da unidade de convivencia.

Xunto coa solicitude achegarse a seguinte documentación:

- a) Fotocopia compulsada do DNI/NIF ou calquera outro documento acreditativo da identidade da persoa solicitante.
- b) Fotocopia compulsada do título de familia numerosa en vigor.
- c) Documento bancario onde se indique o número de código IBAN na que haxa de efectuarse o ingreso da subvención, con indicación do titular da conta bancaria, que deberá coincidir coa persoa solicitante da axuda.
- d) De ser o caso, copia compulsada de auto de medidas provisionais, sentenza de nulidade, separación, divorcio e do convenio regulador ou sentenza de modificación de medidas.
- e) De ser o caso, fotocopia compulsada do documento que acredite a condición de titor do menor.
- f) De ser o caso, fotocopias compulsadas dos xustificantes do pago de aluguer da vivenda ou xustificante do pago de hipoteca do ano obxecto da convocatoria (2017). Esta deberá ser emitida pola entidade de crédito correspondente, especificando a contía total amortizada e o concepto (vivenda habitual).

Deberá presentarse unha solicitude para cada exercicio no que se pretenda obter unha axuda. O feito de presentar unha solicitude para un exercicio non implicará que se considere presentada para exercicios posteriores.

7.- TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN.

7.1 TRAMITACIÓN.

A presente convocatoria será tramitada pola Concellaría Delegada en materia de Servizos Sociais, que terá o carácter de órgano xestor aos efectos indicados na normativa reguladora das subvencións públicas.

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva, e será aprobada despois da proposta motivada da comisión avaliadora, e o informe do órgano xestor, acreditativo de que da información que consta no seu poder se deriva que os beneficiarios/as reúnen todos os requisitos necesarios para accederen á condición de beneficiarios/as da achega solicitada.

Esta comisión avaliadora estará integrada polos seguintes membros:

Presidente	.- O Alcalde
Vogais	.- A Concelleira delegada na materia. .- Dous técnicos/as do departamento de servizos sociais.
Vogais	.-Un funcionario/a de secretaría que actuará como secretario/a.

7.2. NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN.

O expediente así tramitado someterase á Alcaldía, ou ao órgano a favor do cal a Alcaldía efectuase a correspondente delegación.

A súa resolución notificaráselle a todos os solicitantes no prazo máximo de seis meses desde o remate do prazo de presentación de solicitudes, expresando, de xeito motivado, se foi desestimada ou estimada a solicitude, para os efectos de posibles recursos.

A notificación efectuarase nos termos establecidos no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

A falta de resolución expresa en prazo implicará a desestimación da solicitude de achega, ser prexuízo

do indicado no artigo 24 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

Aos efectos de facer máis áxil a tramitación e resolución das axudas solicitadas poderanse establecer varias quendas de valoración e resolución.

A resolución ditada porá fin á vía administrativa e contra a mesma caberá interpor ben recurso contencioso-administrativo, ou ben, potestativamente e con carácter previo a este, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou. A presentación do recurso de reposición poderá efectuarse no prazo sinalado no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento administrativo común das administracións públicas. (un mes desde a notificación da resolución de reparto de achegas). A interposición do recurso contencioso administrativo poderá efectuarse no prazo indicado no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa (dous meses desde a notificación da resolución de reparto de achegas).

7.3 ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN

No prazo de dez (10) días naturais seguintes ao da publicación da resolución, os/as beneficiarios/as/as das achegas deberán comunicarlle ao Concello de Ames, por escrito, a non aceptación. Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase aceptada a achega concedida.

8.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

De acordo co previsto no artigo 30.7 da LXS, estas subvencións concédense en atención á concorrencia dunha determinada situación no perceptor, polo que non requirirán doutra xustificación que a acreditación polos medios indicados na base 6ª. En todo caso a devandita situación ha de ser previa á concesión, sen prexuízo dos controis que o Concello poida establecerse para verificar a súa existencia. O pagamento efectuarase na conta designada a tal efecto polo interesado.

9.- CONTROL POSTERIOR DAS ACHEGAS CONCEDIDAS.

Para os efectos previstos no artigo 75.3 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, a comprobación das achegas concedidas levarase a cabo do seguinte xeito:

9.1.- NÚMERO TOTAL DE EXPEDIENTES OBXECTO DE REVISIÓN.

1. As solicitudes presentadas serán numeradas en función da data e da hora de presentación no Rexistro Xeral do Concello.
2. De entre todas as solicitudes atendidas, seleccionaranse un 15 % para o seu control posterior. A cantidade así obtida será redondeada ao exceso ata acadar un número enteiro. O número de expedientes que se revisen non será nunca inferior a dous.

9.2.- EXPEDIENTES OBXECTO DE REVISIÓN.

Os expedientes concretos obxecto de revisión serán seleccionados do seguinte xeito:

- A solicitude presentada en último lugar será revisada sempre.
- Os demais expedientes que se revisen serán os consecutivamente anteriores ao indicado no anterior apartado.

10.- REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS.

As subvencións serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 de 17 de

novembro.

11.- OUTRAS SUBVENCIÓNS OU AXUDAS.

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter os beneficiarios/as doutras administracións públicas polo mesmo motivo. A solicitude ou percepción dunha achega ao abeiro desta convocatoria deberá ser comunicada polo beneficiario á administración que convoque a achega concorrente.

12.- RÉXIME SANCIONADOR.

O beneficiario quedará sometido ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Lei Xeral de Subvencións e, se é o caso, ao disposto no Código Penal (Lei Orgánica 10/95, de 23 de novembro).

Será de aplicación o réxime sancionador previsto no Título IV da Lei 38/2003, xeral de subvencións, desenvolto polo Título IV do Regulamento da citada Lei.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Difusión do carácter público do financiamento.

Os beneficiarios/as deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención.

As medidas de difusión poderán consistir na inclusión da imaxe institucional do Concello, así como lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

Cando o programa, actividade, investimento ou actuación gozase doutras fontes de financiamento e o beneficiario viñese obrigado a dar publicidade desta circunstancia, os medios de difusión da subvención concedida así como a súa relevancia deberán ser análogos aos empregados respecto das outras fontes de financiamento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Órganos de control das achegas concedidas.

Os beneficiarios/as de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigadas a someterse aos procedementos de controis ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Cuentas e calquera outros órganos de control interno ou externo, nacional ou europeo.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

Para os efectos da salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao rexistros públicos de subvencións, nos seguintes termos:

- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvenciones e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación dos beneficiarios/as serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, ca exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

- Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Do mesmo xeito, e por aplicación do disposto no artigo 18 do RD 887/06, advírtese que o Concello de Ames publicará as subvencións concedidas, expresando na mesma o número de identificación fiscal do beneficiario, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e cantidade concedida.

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA.-Protección de datos.

O responsable do tratamento dos datos que consten o expediente de convocatoria de axudas a familias numerosas no exercicio 2018 é o Concello de Ames. Os datos serán tratados coa finalidade específica das subvencións a familias numerosas de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e demais disposicións de aplicación.

A lexitimación do tratamento está baseada no consentimento manifestado coa solicitude de participación das persoas interesadas nesta convocatoria de axudas.

O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento.

Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o Delegado de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico dpd@concellodeames.gal.

DISPOSICIÓN FINAL

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

CONVOCATORIA DE AXUDAS DESTINADAS AO APOIO ECONÓMICO ÁS FAMILIAS NUMEROSAS DO CONCELLO DE AMES. EXERCICIO 2018

ANEXO 1

SOLICITUDE

Nome e apelidos	Nif
Enderezo	Municipio
Tfno.	Enderezo electrónico

UNIDADE DE CONVIVENCIA	
Nome e apelidos:	
NIF:	Parentesco coa persoa solicitante:
Nome e apelidos:	
NIF:	Parentesco coa persoa solicitante:
Nome e apelidos:	
NIF:	Parentesco coa persoa solicitante:
Nome e apelidos:	
NIF:	Parentesco coa persoa solicitante:
Nome e apelidos:	
NIF:	Parentesco coa persoa solicitante:

Tendo coñecemento da convocatoria das axudas promovida polo Concello de Ames destinadas ao apoio económico ás familias numerosas, correspondente ao exercicio 2018,

SOLICITO:

Que me sexa concedida unha axuda económica ao abeiro da mesma.

Ames, _____ de _____ de 2018.

Asdo.: _____

Nota.- IMPORTANTE: Xunto con este anexo, as persoas solicitantes deberán achegar igualmente toda a documentación sinalada na base 6ª da convocatoria: A documentación deberá ser orixinal ou fotocopia acompañada de orixinal para que poida ser compulsada.

CONVOCATORIA DE AXUDAS DESTINADAS AO APOIO ECONÓMICO ÁS FAMILIAS NUMEROSAS DO CONCELLO DE AMES. EXERCICIO 2018

ANEXO 2

AUTORIZACIÓN TRIBUTARIA

Nome e apelidos	Nif
Enderezo	Municipio
Tfno.	Enderezo electrónico

En relación á solicitude de achega formulada ao Concello de Ames ao abeiro da convocatoria sinalada no encabezamento deste documento, as persoas abaixo asinantes, como únicas integrantes maiores de idade da unidade familiar, autorizamos ao Concello para solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria a información tributaria que precise en relación á solicitude formulada para a concesión da prestación solicitada, e en especial para comprobar o cumprimento dos requisitos sinalados nas bases 5 e 6 da convocatoria.

Asinado (TODOS OS MEMBROS da unidade de convivencia maiores de 18 anos, INCLUÍDO A PERSOA QUE ASINE O ANEXO 1):

Nome e apelidos	NIF	Sinatura

CONVOCATORIA DE AXUDAS DESTINADAS AO APOIO ECONÓMICO ÁS FAMILIAS NUMEROSAS DO CONCELLO DE AMES. EXERCICIO 2018

ANEXO 3

DECLARACIÓN RESPONSABLE.

Nome e apelidos	NIF
Enderezo	Municipio
Tfno.	Enderezo electrónico

As persoas abaixo asinantes, como únicas integrantes maiores de idade da unidade familiar,

Aos efectos do previsto no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e do artigo 24 do Real decreto 887/06, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións,

En relación á solicitude dunha achega do Concello de Ames ao abeiro da convocatoria sinalada no encabezamento deste documento, formulamos a seguinte

DECLARACIÓN RESPONSABLE:

- Que estamos ao corrente das nosas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non estamos incurso en ningunha outra causa que supoña ou poida supoñer obstáculo legal para o seu acceso á condición de beneficiario dunha achega ao abeiro da presente convocatoria, comprometéndonos a manter esta situación ate a completa resolución do expediente.*
- Que non obstante o anterior, autorizamos ao Concello de Ames para comprobar a veracidade da anterior declaración tanto na Axencia Estatal da Administración Tributaria como na Tesourería Xeral da Seguridade Social.*
- Que autorizamos igualmente ao Concello de Ames para solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria a información tributaria que precise en relación á solicitude formulada para a concesión da prestación solicitada, e en especial para comprobar o cumprimento dos requisitos sinalados na base 5 da convocatoria.*
- Que autorizamos ao Concello de Ames a comprobar de oficio os datos do Padrón municipal a efectos de verificar o cumprimento do requisito de antigüidade de empadramento no Concello.*
- Que nos sometemos ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Ames poida acordar para comprobar o cumprimento das circunstancias requiridas para o acceso a unha achega ao abeiro desta convocatoria.*

Asinado (membros da unidade de convivencia maiores de 18 anos, incluída a persoa solicitante):

Nome e apelidos	NIF	Sinatura
